

Xosé Luís Axeitos: «Seoane e Díaz Pardo teñen desencontros, pero todo o superan a través do diálogo»

[Marta Otero Mayán](#)

10 de novembro de 2024

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2024/11/10/xose-luis-axeitos-seoane-diaz-111549552.html>

As cartas son documentos do ámbito íntimo, pero tamén memoria dun período histórico. Cal é a intención do epistolario?

Primeiro, estas dúas persoas son dous exiliados. Iso xa marca. A palabra exilio ten un sentido existencial que afecta a calquera persoa. Seoane ten que marchar no ano 36 apresuradamente, porque a súa vida corría perigo, e Isaac vai ao encontro dos exiliados no ano 55, canso de vivir na España franquista. Seoane quere atopar en Isaac, que vén de Galicia, o complemento que lle falta: a información, o contexto, a cultura que el deixou. Isaac, pola súa banda, vai ao encontro da cultura que está fóra, que foi expulsada. Ábrese un diálogo, ten cousas realmente excepcionais. Ese é un dos motivos. Hai moito debate nas cartas. Este epistolario, para aproveitalo, hai que lelo como unha novela.

Son dúas das figuras máis estudadas da contemporaneidade galega dende a perspectiva intelectual. Achegan algo estas cartas da súa vertente emocional?

Si. Entre eles hai moitos elementos tensionadores: algúns están expresados e outros, implícitos. A constante liña de tensión é a relación que Isaac establece en Galicia con xente coa que Seoane ten moitas distancias, de natureza política ou doutro tipo. En América, Castelao funda o Consello de Galicia, que non é recoñecido en Galicia. A cultura que se está desenvolvendo en Galicia a través de institucións, de órganos e de editoriais non ten contacto fluído cos exiliados. Iso é un foco de tensión. O epistolario empeza coa revista Galicia Emigrante, que é a de Seoane. Seoane pídelle colaboración e fotos; agora ben, Galicia Emigrante non é só para emigrantes, tamén para que se lea aquí, e aí saen as tensións. Por que Isaac manda sempre artigos de información económica? Porque na liña política que se segue en Galicia, a través de Ramón Piñeiro, ponse foco na cultura exclusivamente. Isaac, creando unha empresa, ten que relacionarse co mundo do capital, da empresa e da banca.

Como se relacionan na confrontación? Sae fortalecida a amizade?

Si, os desencontros son totais e absolutos, pero todo o superaron a través do diálogo, de falar e discutir. Isaac é o que ten a tarefa máis complicada: crear unha empresa con 400 persoas que

teñen que cobrar a final de mes. Non pode abandonar esa liña. Unha parte dos beneficios van para cuestións de natureza cultural, pero un tipo de natureza que intenta restaurar a memoria esquecida do franquismo. Por iso queren rememorar o Seminario de Estudos Galegos, o Museo de Arte Contemporánea. Por que? Seoane quere recuperar toda a obra espallada dos pintores do exilio: Souto, Colmeiro, el mesmo, e comunicarse co pobo a través dese museo. Iso é un lugar de desencontro, porque quería todo xa.

Isaac está máis baixado á terra.

Si. Leva un ritmo máis pausado, porque non é esa a súa única preocupación. Se o negocio cerámico non marcha ben, non se pode crear una infraestrutura cultural paralela. Iso enfróntao con Seoane e cos socios capitalistas, os Nogueira e os Rey, que puxeron aí un capital para liquidar uns beneficios periódicos. Aí vén un enfrontamento tremendo con pleitos que lle arruinan a saúde tamén a Isaac. A el tócalle andar polo barro. A Seoane éralle moito máis doado ir polo camiño ético e moral que lle marcaba o exilio e a inxustiza política e social da súa expulsión. Isaac ten que ir reunirse cos bancos, e, paralelamente, ir edificando o museo, o Laboratorio de Formas, edicións do Castro, que mal que ben era un apéndice cultural importantísimo. A proba é que segue sendo a editorial que recolle a memoria histórica da Guerra Civil en Galicia.

As cartas exercen de diario destes proxectos. Permite valorar criticamente a evolución do legado?

Totalmente. Hoxe, Edicións do Castro non existe, Sargadelos, co espírito histórico e memorialista tampouco, é unha industria comercial como outra calquera, nin é unha referencia para nada. O Museo está nunha situación precaria e difícil. Tanto esforzo destes homes, para nada. O epistolario cobra aínda máis forza ao ver que eles trazaron un camiño, que supón unha ética, uns comportamentos, toda unha historia que foi importante nese momento. Cantos actos culturais que se celebraron no Castro despertaron curiosidades e descubriron á xente cousas. Cantos libros se publicaron de memorias de xente maior, fóra de circulación, aos que aínda temos acceso. Se un analiza, hai cousas que desapareceron, pero outras non.

É posible devolverlle o significado a un proxecto como Sargadelos?

Si. Eles eran moi conscientes do valor emblemático da cultura. As xerras de personaxes históricos que diseña Seoane, por exemplo. El dicía que era importante vender a historia nos bazares. Non se podía aspirar a aprender a historia só na Universidade, porque moitas cousas nin estaban no programa. Eles collen a Pardo de Cela, a Castelao, e fan as figuras. Queda o rostro e a mirada. Ten todo un sentido pragmático dentro dun país desmemoriado, esquecido da súa propia historia. Eles resucitan esa circunstancia. É memorialismo, dalgunha maneira.